

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DO ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 27.10.2015, ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NO CASCO HISTÓRICO DE LUGO, COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, PLAN ESTATAL DE FOMENTO DO ALUGAMENTO DE VIVENDAS, A REHABILITACIÓN EDIFICATORIA E A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS 2013-2016,14ª FASE.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 9-2022, por un importe total de 59.407,46 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2022, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas do acordo da comisión bilateral celebrada o 27.10.2015, Área de Rexeneración e Renovación urbana no Casco Histórico de Lugo, Comunidade Autónoma de Galicia, Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, 14ª Fase.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 791/2022 de día 11.05.2022, así como RCMOD núm: 33264/2022 de día 10.05.2022, por importe total de 59.407,46 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbese o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 59.407,46 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>C.P.</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
15220.78900	59.407,46 €	15XX00055	15300.61900	15XX00055	59.407,46 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	59.407,46 €		TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		59.407,46 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac6979341250810412982.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 9-2022 Casco Hco.

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.